



11-14
XUNO 2018
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

GALICIA ESCENA DDD



XUNTA DE GALICIA





11-14
XUNO 2018
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

GALICIA
ESCENA
PRO

LUNS 11

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Biblioteca | De 11 a 14 horas
Taller "Como converter o teu proxecto en noticia", a cargo de Marta Baeza

SALÓN TEATRO

11.30 h
Entremans
Gaia
50 minutos

FUNDACIÓN SGAE

Sala Germán Coppini | 13 h
Katarsis
Bathtime
30 minutos

14 h
Encontro asistentes a Galicia
Escena PRO

SALÓN TEATRO

AUDITORIO ABANCA

17.30 h
Contraproducións
Fillos do Sol
75 minutos

TEATRO PRINCIPAL

19.30 h
Talía Teatro
O servidor de dous anos
80 minutos

SALÓN TEATRO

22 h
Paula Quintas-trasPediante
Plastic
45 minutos

MARTES 12

Sala 2 | 11 h
Tanxarina
A galiña azul
50 minutos

Sala Germán Coppini | 12.15 h
Borja Fernández
Salvador
65 minutos

13.30 h
Encontro asistentes a Galicia
Escena PRO

17.30 h
PT Excéntricas
Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira
95 minutos

19.30 h
Sarabela Teatro
O rei morre
60 minutos

22 h
Compañía Ensalle
Procedimientos ante el vacío
65 minutos

MÉRCORES 13

XOVES 14

SALÓN TEATRO

Biblioteca | 11 h
Encontro COFAE
(non aberto ao público)

FUNDACIÓN SGAE

Sala 2 | 11 h
Tropicallo
Planeta Ardora
50 minutos

Sala Germán Coppini | 12.15 h
Elefante Elegante
Patapatúm
45 minutos

13.30 h
Encontro asistentes a Galicia
Escena PRO

Sala Germán Coppini | 11 h
La Tartana
Soñando a Pinocho
50 minutos

Sala 2 | 12.15 h
**Presentación de proxectos
escénicos en formato *pitching***

14.30 h
Encontro asistentes a Galicia
Escena PRO

SALÓN TEATRO

Biblioteca | 16.30 h
Presentación da
colaboración Galicia
Escena Pro-MADferia

Biblioteca | 16.30 h
Presentación do
proxecto "Residencias
Paraíso", Colectivo RPM

AUDITORIO ABANCA

17.30 h
A Panadaría
Elisa e Marcela
75 minutos

17.30 h
Elahood
La soledad de Wally
55 minutos

TEATRO PRINCIPAL

19.30 h
La Estampida
Lo nunca visto
70 minutos

19.30 h
eme2 producións
A Leituga
80 minutos

SALÓN TEATRO

22 h
Javier Martín
Método negro
60 minutos

22 h
Ibuprofeno Teatro
Casa O'Rei
95 minutos





**GALICIA
ESCENA
DDO**

ESPECTÁCULOS



ESPECTÁCULOS

Gaia

ENTREMANS

LUNS 11 / SALÓN TEATRO / 11.30 H

A COMPAÑÍA

Entremans é unha compañía de danza contemporánea creada en 2006 por bailaríns cubanos residentes en Galicia. Mantén unha filosofía de traballo grupal na que a creación e a dirección artística xeralmente se realizan en colectivo, o que fai que non poida definirse como unha compañía ao uso. Combinan as súas producións con labores formativos, colaboracións teatrais e asistencia coreográficas.

Foi premiada en varias ocasións e as súas creacións presentáronse en festivais nacionais e internacionais (Cuba, Bélxica, Suecia, Alemaña, Brasil, Luxemburgo, Francia, Italia, Portugal, Hungría).

Espectáculos: *En la cuenca de tus ojos* (2006), *Hasta que no te lo comas todo...* (2006), *A palo seco* (2006), *Sí quiero* (2006), *Mapas* (2007), *Dejándome* (2009), *A medio metro de lo vivido* (2009), *Concerto Desconcerto* (2009), *39 y medio* (2011), *Blondy's Coffee pieza sola para dos mujeres* (2011), *Só un desexo* (2015), *Xoga* (2015).

CONTRATACIÓN

Fany
630 867 712

produccion@artestudioxestioncultural.com
www.ciaentremans.com

“O noso fogar, a Terra, está a cambiar rapidamente... Debemos atopar unha forma de vida máis respectuosa para protexer o noso planeta e o medio ambiente. GAIA pertécenos a tod@s. Podemos debuxar xunt@s, un mañá feliz e un mundo a toda cor”.

Gaia é unha peza didáctica para público familiar (a partir de 3 anos). É o segundo espectáculo infantil de Entremans, logo da boa acollida que tivo a nivel nacional o seu anterior espectáculo, *Xoga*.

En *Gaia* a voz e a danza achégannos coñecementos dende unha óptica visual e imaxinativa. É unha historia en movemento na que a pintura, a música e o audiovisual nos axudan a descubrir a intensidade, o poder e a beleza das características do noso planeta e dos seus tesouros naturais. É un encontro didáctico co que entender a importancia da interacción entre as persoas e o medio ambiente.

Conta con axudas á produción da Agadic.

Dirección: Kirenía C. Martínez,
Estefanía Gómez

Guión e dirección de escena:
Kirenía C. Martínez Acosta

Coreografía e interpretación:

Kirenía C. Martínez, Estefanía Gómez

Voz en off: Ramiro Neira, Estefanía Gómez

Espazo sonoro: Carla López, Iago Mouriño

Aderezo e decoración: Equipo Creativo

RTA (Xacobo) e Compañía Entremans

Deseño de iluminación: Equipo Creativo

RTA (Diego)

Animación/vídeo: Ziwa

Arte-Imaxe: Gosia Trebacz

Vestuario: Santos Salgado, Compañía
Entremans

Asesoramento lingüístico: Beatriz Corral

Asesoramento medioambiental: Noel

Miguélez

Produción e distribución: Artestudio

Xestión Cultural

**Infantil,
familiar
(a partir de
3 anos)**

Danza

50 minutos



Bathtime

KATARSIS EDUCACIÓN-TEATRO

LUNS 11 / FUNDACIÓN SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 13 H

A COMPAÑÍA

Katarsis, compañía galega fundada en 2006, exerce como escola e compañía artística que produce, distribúe e representa espectáculos teatrais para público mozo, infantil e familiar.

Como compañía artística conta con cinco espectáculos no seu repertorio: *Pa cama, ¡Grande, máis grande!*, *Se eu fora maior*, *Malas palabras* e a última creación, *Bathtime*. Con estes espectáculos, Katarsis é coñecida non só en Galicia e o resto de España, senón tamén internacionalmente. A compañía ten feito xiras por Irlanda, Canadá, EE.UU., Francia, Dinamarca, Singapur, Romanía e Italia.

Así mesmo, ofrece a creación de proxectos educativos de carácter teatral, fomentando a renovación pedagóxica a través do intercambio de ideas, necesidades e soños de profesionais da educación e artistas.

Emporcarse de chocolate pode ser divertido, e a hora do baño podería selo aínda máis. Dous amigos, chocolate, unha bañeira e música orixinal son os ingredientes desta posta en escena.

Bathtime é un espectáculo sen palabras. Unha exploración de xogos entre dous amigos dentro, fóra e ao redor dunha bañeira grande. Unha serea, tormentas, sombras ou unha quenlla son algúns dos protagonistas nesta obra, cunha interpretación chaplinesca dos anos 20.

Autoría: Kevin Stewart, Carolina Ramos
Dirección: Carolina Ramos, Kevin Stewart
Escenografía: Angélica Ramírez
Iluminación: Tatiana Fernández
Vestuario: Katarsis Educación-Teatro
Música orixinal: Luis Sánchez Bolón
Elenco: Kevin Stewart, Estíbaliz Veiga

Infantil, de 2 a 6 anos

Teatro

30 minutos

CONTRATACIÓN

Kevin Stewart
663 305 080
katarsisgalicia@gmail.com
www.katarsiseyt.com



Fillos do Sol

CONTRAPRODUCCIÓN

LUNS 11 / AUDITORIO ABANCA / 17.30

A COMPAÑÍA

Contraproducións é unha empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos, conducida por Cándido Pazó, autor e director teatral, e Belén Pichel, xefa de produción.

Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa cun público de amplo espectro, é a plataforma que acolle a maior parte das creacións escénicas de Cándido Pazó no campo do teatro e a narración oral, aínda que dando cabida tamén a outras figuras da dirección escénica ou a escritura teatral, así como a coproducións ou colaboracións con outras estruturas.

CONTRATACIÓN

Belén Pichel / Lilian Portela
605 263 755 / 610 106 808
belenpichel@gmail.com
contra.compostela@gmail.com
www.contraproductions.com

Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*.

A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, don Eduardo, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación: Eduardo, el mesmo cando comezaba, de mozo, a súa carreira literaria. E, como contrapunto, a vida real e diaria representada por Rosa, a xove criada da pensión na que o bardo está albergado.

Autoría: Cándido Pazó
Dirección: Cándido Pazó
Escenografía: Carlos Alonso
Iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Carlos Alonso
Música: Guillermo Fernández
Elenco: César Cambeiro, Adrián Ríos,
Alba Bermúdez

Adulto

Teatro

75 minutos





O servidor de dous amos

TALÍA TEATRO

LUNS 11 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H

Talía Teatro presenta unha revisión do clásico *O servidor de dous amos*, un dos textos inmortais da historia do teatro.

Así como a Commedia dell'Arte creaba unha paisaxe cómica e irreverente da sociedade italiana do momento, esta versión trata de construír un xoguete escénico onde os contratos matrimoniais son substituídos por contratos urbanísticos, nobres e mandatarios trocan en empresarios e políticos e a vida mesma da nosa sociedade é retratada con irreverencia e descaro, buscando un espectáculo trepidante e deslinguado, tan mordaz coma divertido.

Oito intérpretes desenvolverán en escena un espectáculo onde todo será posible, no que a mentira e a confusión serán a base do xogo e os distintos espazos mudarán á vista do espectador, para rir de todo e de todos; ata de nós mesmos.

A COMPAÑÍA

Talía Teatro, que cumpre trinta anos en escena neste 2018, aglutina un equipo de profesionais das artes escénicas que baixo a dirección de Artur Trillo acumulan anos de traballo en común e entre os que existe unha sintonía na forma de entender o feito teatral. Dende a súa posta en marcha en 1988 coa montaxe *O Rei aborrecido*, de Xesús Pisón, Talía tenlle regalado ao público máis de 40 montaxes diferentes.

Dende os nosos inicios, perseguimos a dignificación do teatro e das artes escénicas como transmisores dos valores culturais do país.

CONTRATACIÓN

Artur Trillo / Auri Ferreiro
981 943 242 / 630 877 153
info@taliateatro.gal
www.taliateatro.gal

Autoría: Carlo Goldoni
Dirección: Diego Rey
Adaptación: Diego Rey
Escenografía: Diego Valeiras
Iluminación: Diego Valeiras
Vestuario: Martina Cambeiro
Fotografía: Rubén Prieto
Elenco: Xurxo Barcala, Toño Casais, Marta Lado, María Ordóñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo, Dani Trillo

Adulto

Teatro

80 minutos





Plastic

PAULA QUINTAS-TRASPEDIANTE

LUNS 11 / SALÓN TEATRO / 22 H

O corpo como contedor: *Plastic*.

Como se dunha *Barbie* se tratase, que co seu corpo de plástico perdura ao longo do tempo, baleira por dentro, hermética ao exterior. Reflexo da importancia que a sociedade actual moderna lle dá ao de fóra e non ao de dentro.

O plástico tamén pode ser un espazo para gardar, conservar, un espazo onde o contido ten cabida. Así, o corpo recolle no seu interior as experiencias e as emocións que nos definen. Ocultámonos nun corpo transformando a demanda do momento social que nos toca vivir. Un corpo onde se almacenan, gardan e esquecen os momentos vitais; un contedor que modela e transforma o seu físico para non transparentar o contido-emocións que o enche.

“Partindo do corpo, coma se dunha *Barbie* se tratase, ese plástico como contedor que perdura ao longo do tempo, inmovilidade corporal dende o baleirado”.

A COMPAÑÍA

Paula Quintas é bailarina, funámbula circense, coreógrafa visual e pedagoga. É codirectora do Festival Corpo(a)terra de Ourense e traballa coa pedagogía e docencia en Danza Alfaia e Danza Nenos de Santiago de Compostela.

Fundadora do Projecto C-F Dance, cofundadora de Voltage Opposites Project, pertence á compañía trasPediante.

Como compañía, estreou a peza curta de danza-circo para rúa e espazos non convencionais no Festival Sólodos En Danza Costa Rica en 2017: *Analepsis*. *Plastic* é o seu primeiro traballo escénico como compañía.

Con anterioridade, creou e continúa a xirar co espectáculo de circo-danza *Up2Down* xunto coa súa compañeira Marta Alonso.

Plastic foi estreado o 28 de abril de 2018 no Auditorio Municipal de Ourense.

CONTRATACIÓN

Belém Brandido (Galicia)
Manu Lago (fóra de Galicia)
627 778 351
distribucion@pistacatro.com
www.paulaquintas.com

Autoría: Paula Quintas
Dirección: Rut Balbís
Escenografía: Afonso Castro
Iluminación: Afonso Castro
Son: Afonso Castro
Vestiarío: Fani Bello
Música: Rut Balbís
Elenco: Paula Quintas

Todos os
públicos, a
partir de 12
anos

Danza
contemporánea

45 minutos





A galiña azul

TANXARINA

MARTES 12 / FUNDACIÓN SGAE / SALA 2 / 11 H

“Lourenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. Unha galiña moi bonita e moi rara: pon ovos de cores! Ademais, non di «cacaracá», como as outras galiñas, senón «cocorocó». E isto ten preocupadas ás autoridades”.

A galiña azul é un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade, destinado ao público infantil e familiar, no que empregamos diversas técnicas de manipulación de bonecos, traballo actoral, música e cancións.

Autoría: Carlos Casares
Dirección: Cándido Pazó
Adaptación: Cándido Pazó
Escenografía: Pablo Giráldez, “Pastor”
Vestuario: Carlos Alonso
Música: Paco Barreiro
Elenco: Eduardo Rodríguez, “Tatán”; Miguel Borines, Andrés Giráldez

Todos os públicos

Teatro de monicreques

50 minutos

A COMPAÑÍA

A compañía Tanxarina Títeres foi fundada no ano 1983 por varios exalumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de marionetas de fíos do Institut del Teatre de Barcelona, e tamén por outros profesionais galegos do teatro infantil e xuvenil. Dedicase prioritariamente á produción e distribución de espectáculos dirixidos a todo tipo de públicos: infantil, xuvenil e familiar, onde se combinan diversas técnicas de animación de monecos co traballo actoral dos propios manipuladores.

Actualmente a compañía está formada por Eduardo Rodríguez Cunha, “Tatán” (fundador); Miguel Borines Fernández (fundador) e Andrés Giráldez Río.

CONTRATACIÓN

Eduardo Rodríguez, “Tatán”
607 233 681
tanxarina@tanxarina.es
www.tanxarina.es





Salvador

BORJA FERNÁNDEZ

**MARTES 12 / FUNDACIÓN SGAE /
SALA GERMÁN COPPINI / 12.15 H**

SALVADOR, fuxida e desaparición de Benito Fernández

“Eu non coñecía ao meu avó paterno. Emigrou a Brasil nos anos 60 e desapareceu. En cada imaxe na que aparece semella unha persoa diferente. Mente, oculta información, reinvéntase a si mesmo en varias ocasións. Moitos emigrantes transfórmanse. Como o “spam” desta historia. Como se soubese que alguén no futuro estaría na súa procura, e a súa maneira de agocharse fose mudar a súa identidade e o seu pasado, como xogando ao descoido...”
[Borja Fernández. Ilhéus, Bahía, Brasil. 20 de setembro de 2015]

En escena: Borja Fernández, Laura Iturralde

Dirección: Uxía P. Vaello, Borja Fernández
Iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde

Escritura: Manuel Cortés, Borja Fernández

Asistencia de dirección: Diego Anido

Asistencia dramaturxica: Claudio Días

Asistencia en residencia: Colectivo A Berberecheira

Espazo sonoro: Borja Fernández

Músicas: Pálida, Rosvita, Borja Fernández

Vestuario: Uxía P. Vaello

Vídeo: Miramemira

Imaxe e cartel: Isaac Piñeiro

Apoios en residencia: Iberescena, Teatro Ensalle, Grupo Chévere, Centro Dramático Galego, Espaço Luna Lunera, Espaço La Movida

Adulto

**Teatro
documento**

65 minutos

A COMPAÑÍA

Borja Fernández é un creador escénico establecido en Santiago de Compostela dende o ano 2000. Comezou presentando os seus traballos na Sala Nasa en 2002 e dende alí xurdiu unha extensa colaboración con diferentes colectivos e compañías, con xiras por teatros e salas de Galicia, España, Portugal, Mozambique, República Checa e Cuba a través de redes, festivais internacionais, intercambios artísticos e proxectos socioculturais.

Dende 2011 compaxina o traballo nas súas producións coa colaboración con diferentes colectivos como Grupo Chévere, Cía. Voadora, Metamovida, o grupo de rock Es un Árbol ou os creadores Diego Anido, Uxía P. Vaello e Andrea Quintana, entre outros.

CONTRATACIÓN

Borja Fernández
655 333 006
borjasalcedo@gmail.com
www.borjafernandez.es





Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira

PRODUCCIÓNS TEATRÁIS
EXCÉNTRICAS

MARTES 12 / AUDITORIO ABANCA / 17.30 H

A COMPAÑÍA

PT Excéntricas orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa, e nos delicados mecanismos do humor. Serve de plataforma para as creacións de Mofa&Befa como *Shakespeare para Ignorantes*, explora outras formas do humor máis sarcástico con autores internacionais como Martin McDonagh, Diderot ou Topor e serve como plataforma de creación dos espectáculos unipersoais de Quico Cadaval e os musicais de Piti Sanz.

En 2017 adentrause na farsa fantasiosa de *A Cabeza do Dragón* (gañadora de catro María Casares) e en 2019, décimo quinto aniversario da compañía, presentará *Carpe Diem*, do multipremiado escritor brasileiro Rubem Fonseca (no primeiro trimestre), e *Medida por Medida*, de William Shakespeare (no outono).

CONTRATACIÓN

Rubén G. Pedrero
618 752 105
ruben.excentricas@gmail.com
www.excentricas.net

Logo de 25 anos arriscando o pelexo sobre todo tipo de palcos e “tablaos”, tanto flamencos como euscaldúns, en festivais de teatro clásico ou desaparecidas salas alternativas, o celebrado dúo cómico Mofa&Befa enfrenta por primeira vez na súa dilatada traxectoria o metálico ardor da dúbida: “E agora que?”.

E esa é a gran pregunta. De que vai iso de pensar? Unha pregunta que trae aparelada a súa propia revelación, porque se do que se trata é de aprender a pensar, por que non superar todas as dúbidas como dúo cómico facendo un espectáculo sobre a propia ciencia do pensamento, coñecida dende hai dous mil cincocentos anos polo enigmático e farfallado nome de “filosofía”?

Autoría: Carlos Santiago, Pepe Sendón
Dirección: : Carlos Santiago
Dirección de arte: Natasha Leneco
Iluminación: Octavio Mas
Elenco: Josito Porto, Víctor Mosqueira

**Maiores de
14 anos**

Teatro

95 minutos





FOTOS: OVIDIO ALDEGUNDE

O rei morre

SARABELA TEATRO

MARTES 12 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H

A COMPAÑÍA

Con 38 anos de actividade ininterrompida, Sarabela está en proceso de cambio e de procura artística constante.

Comezamos. Sempre comezamos.

Queremos facer unha celebración contigo. Celebrar o noso encontro nos teatros.

Queremos ser cómicos da legua, reis e pallasos.

Erguernos cada mañá e celebrar o novo día xa que a existencia é un gran agasallo.

Presentar un equipo novo en cada montaxe xunto ao equipo que leva décadas de traballo conxunto.

Queremos subir a montañas, pero cos pés mollados de ríos e praias. Levamos o peso que é a nosa bagaxe de moitos lugares e de máis de cincuenta montaxes, e se os deuses deciden derrubarnos, imos volver tentar a subida, porque a viaxe que queremos facer é a que nos leva ao teu interior.

CONTRATACIÓN

Fina Calleja / María Casar
629 860 580 / 678 601 550
sarabelateatro@yahoo.es
fina.calleja@gmail.com
www.sarabelateatro.com

Entre os restos dunha escena, a festa de aniversario de onte, as ruínas dun pasado mellor.

Un home -un rei, un pallaso- aferrado ao poder, ao protagonismo, ao estado, ao seu papel.

Un home único que se volve común ante a morte anunciada, o final inminente dun tempo, dunha escena. A morte individual como a fin do mundo.

Todo gastado, manido, o cansazo xeral dunha vella Europa aferrada ás súas ruínas.

O actor que non quere abandonar o escenario e o rei que nega o inminente.

O cortexo de espectadores agarda: "Fagan o favor de abandonar a sala, que hai xente esperando na antesala!"

E mañá terá lugar outra representación, noutro escenario, outra paisaxe é posible.

Autoría: versión libre sobre o texto orixinal de Eugène Ionesco

Dirección: Ana Vallés

Adaptación: Ana Vallés

Tradución: Nate Borrajo

Escenografía: José Manuel Faro, "Coti"

Iluminación: Baltasar Patiño

Son: Ana Vallés, Sarabela Teatro

Vestuario: Ruth D. Pereira

Elenco: Nate Borrajo, Fernando Dacosta,

Fina Calleja, Sabela Gago, Alfonso Míguez

Todos os públicos

Teatro

60 minutos



ESPECTÁCULOS

Procedimientos ante el vacío

COMPAÑÍA ENSALLE

MARTES 12 / SALÓN TEATRO / 22 H

A COMPAÑÍA

Compañía de creación contemporánea e investigación. Nace en Madrid en 1995 e en 2003 trasládase a Vigo, dende onde segue creando na actualidade. Con vinte e tres montaxes na súa traxectoria, realizou máis de seiscentas representacións en salas, teatros, festivais e circuítos de España, Portugal, Chile, México, Arxentina ou Uruguai.

Dende 2005 traballan pezas de investigación con dramaturxias contemporáneas propias de Pedro Fresneda.

Dirixen a Sala Teatro Ensalle, espazo de exhibición, investigación e creación escénica contemporánea. A súa apertura, en 2003, supuxo a aparición da primeira sala independente en Vigo.

A compañía foi seleccionada en varias ocasións pola Rede Estatal de Teatros Alternativos e convidada a festivais como o Festival de Outubro (México), I Edición de Rutas Escénicas (México), Festival Int. de Teatro de Ourense FITO, Festival País en el País (Arxentina), Siguiente Escena de Querétaro (México), Festival de Teatro Nuevo León (México) ou Colima de Danza (México), entre outros.

CONTRATACIÓN

María Costa
986 485 609 / 616 996 692
distribucion@teatroensalle.com
www.teatroensalle.com

Procedimientos ante el vacío, a máis recente montaxe de Compañía Ensalle, é un traballo interdisciplinar xestado a partir de *CANCHAL. Parte III (Mónica)*, colaboración artística realizada en novembro de 2016 entre a bailarina e coreógrafa Mónica Valenciano e a compañía Ensalle.

Procedimientos ante el vacío persegue a idea do irrepitible, do que acontece cada día na medida en que cada espazo e cada atención mutan o suceso. Persegue, en poucas palabras, substituír o intencional polo atencional.

Trátase dun traballo en vivo, específico para cada lugar no que vai a ser amosado, cunha estrutura en sete partes que se argumentan en función da escoita e a atención, e no que, a diferenza doutros traballos da compañía, o texto é lembranza traída ao presente, sen escritura teatral.

“Escoitade a música interna. Conectádevos sempre con esa música interna. A partir de aí, todo pode ser”.
[Mónica Valenciano].

Dirección: Pedro Fresneda

Titoría e colaboración:

Mónica Valenciano

Iluminación e espazo escénico:

Pedro Fresneda

Espazo sonoro: David Santos,

Nacho Muñoz

Elenco: Raquel Hernández, Diego

Anido, David Santos, Nacho Muñoz,

Pedro Fresneda

Fotografía: David Ruiz

Colaboran: Agadic, INAEM, Asociación de Amigos de Teatro Ensalle

Produción de Compañía Ensalle co apoio da Agadic

Público adulto. A partir de 16 anos

Teatro contemporáneo-danza

65 minutos



Planeta Ardora

TROMPICALLO

MÉRCORES 13/ FUNDACIÓN SGAE / SALA 2 / 11 H

A COMPAÑÍA

Tropicallo comeza a súa andaina no ano 1997. A compañía foi fundada por Luis González e Marián González, profesionais de teatro de marionetas que despois de anos traballando e colaborando con outras compañías xúntanse para dar vida a este proxecto co fin de crear un espazo onde desenvolver unha linguaxe propia, investigar e colaborar con profesionais doutros ámbitos artísticos. Ao longo destes máis de 20 anos a compañía leva feito 11 producións coas que ten presenza nas principais redes profesionais e festivais do Estado.

CONTRATACIÓN

Marián González
636 860 927
marian@tropicallo.com
www.tropicallo.com

Autoría: Marián González
Dirección: Marián González
Escenografía: Tropicallo
Iluminación: Luis González
Música: Ignacio Sanz
Foto/vídeo: Juampa Ameneiro
Elenco: Sabela Amado, Luis González,
Marián González

**Todos os
públicos.
Escolares,
de 5 a 10
anos**

**Teatro de
marionetas**

50 minutos





Patapatúm

ELEFANTE ELEGANTE

MÉRCORES 13 / FUNDACIÓN SGAE /
SALA GERMÁN COPPINI / 12.15 H

A COMPAÑÍA

Elefante Elegante crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento. As súas creacións buscan a universalidade e xorden da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais

CONTRATACIÓN

María Torres
606 257 239
maria@elefanteelegante.net
www.elefanteelegante.net

Sorpresa! Unha montaña de agasallos! Grandes, pequenos, lixeiros, pesados, verdes, laranxas, cadrados e redondos! Os máis pequenos non dan feito entre tanto xoguete. E os maiores, atados pola espiral do tempo, non son quen de facer un oco na súa axenda para compartir a fantasía cos máis pequenos.

Patapatúm é a reflexión do Elefante Elegante sobre o tempo, a crianza e como enchemos os baleiros das nosas ausencias. *Patapatúm* é un espectáculo de teatro visual sen palabras para público infantil e familiar a partir de 3 anos. Cunha banda sonora inspirada na música *dixieland*, a máscara e o xogo físico propician un universo cómico que viaxa dende o realismo ata a hipérbole da nosa vida cotiá.

Creación e dirección: María Torres,
Gonçalo Guerreiro
Dirección de actores: Pablo Sánchez
Dramaturxia: María Torres, Gonçalo
Guerreiro, Pablo Sánchez
Elenco: Agustín Bolaños, Gonçalo
Guerreiro, María Torres
Espazo escénico e atrezzo: Alessia
Lombardo
Vestuario: Beatriz Clara
Máscaras: Izumi Akabashi
Maquillaxe: Maëlys Feraud
Música: Gueorgui Oganessian,
Alberto Grela, Miguel Paz
Colaboración musical: Vanessa Rivas
Iluminación: Nacho Martín

**Infantil,
entre 3 e 8
anos**

**Teatro
xestual**

45 minutos



Elisa e Marcela

A PANADARÍA

MÉRCORES 13 / AUDITORIO ABANCA / 17.30 H

A COMPAÑÍA

A Panadaría, fundada en 2013, ispe de atavíos o escenario para colocar no centro as súas actrices, nunha linguaxe desenfadada baseada no humor, o traballo corporal e a música vocal.

A comedia de A Panadaría é rebelde, transgresora e sen complexos, cun discurso que foxe do ortodoxo. Alén disto, este forno de pan escénico tamén é coñecido polo seu compromiso feminista e reivindicación en materia de igualdade, apostando por equipos conformados integramente por mulleres.

No ano 2015 son recoñecidas co Premio da Crítica Galicia e destacadas como compañía galega revelación do momento. Elisa e Marcela, que acadou xa seis premios en menos dun ano, supón a confirmación de que A Panadaría veu para quedar.

CONTRATACIÓN

Areta González Bolado
650 454 549 / 626 700 444
apanadaria@hotmail.com
apanadaria.es

Ano 1901, A Coruña. Dúas mulleres casan na igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas. As cómicas de A Panadaría presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real. Unha comedia musical onde o verídico parece invento. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

Mellor espectáculo, mellor dirección, mellor texto orixinal e mellor actriz protagonista nos Premios María Casares 2018. Premio de igualdade Luísa Villalta 2017. XIV Premio LGBT Marcela y Elisa do Colectivo ALAS.

Coprodución de A Panadaría co CDG, Concellos da Coruña, Vimianzo e Rianxo.

Creación e interpretación: Areta Bolado,

Noelia Castro, Ailén Kendelman

Dirección: Gena Baamonde

Texto: Areta Bolado, Noelia Castro,

Ailén Kendelman, Gena Baamonde

Música orixinal: Ailén Kendelman

Iluminación: Laura Iturralde, Montse Piñeiro


Escenografía: A Panadaría, Beatriz de Vega

Vestuario: Fanibell

Adulto,
a partir de
12 anos

Teatro
(comedia)

75 minutos





Lo nunca visto

LA ESTAMPIDA

MÉRCORES 13 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H

A un mes do peche por impagos do seu estudio, unha decrépita profesora de danza e teatro para nenas decide que é o momento do “agora ou nunca” e realizar un espectáculo que revolucione a arte contemporánea: *Lo nunca visto*.

Sen talento, sen cartos e xa sen alumnas nas súas clases, lánzase a recrutar a “artistas comprometidos” para a súa causa.

Só acudirán á súa chamada dúas das súas exalumnas: unha *yonki* e unha ama de casa fugada hai pouco.

A entrega en corpo e alma das nosas tres protagonistas, que non teñen outra cousa que contarnos máis que as súas propias vidas, poranos o listón moi alto, facéndonos bailar de pranto e rir de suor.

Comeza a función.

Escuro.

Autoría: La Estampida
Dramaturxia e dirección: José Troncoso
Elenco: Alicia Rodríguez, Belén Ponce de León, Ana Turpín
Axudante de dirección: Borja Rocas
Escenografía: Juan Sebastián Domínguez
Iluminación: Juanan Morales
Vestuario: Miguel Ángel Milán
Fotografía e audiovisual: Susana Martín
Deseño de cartel e gráficas: Agus Burgos
Produción executiva: Kike Gómez
Distribución: Amadeo Vañó - Cámara Blanca

Adulto

Teatro

70 minutos

A COMPAÑÍA


La Estampida é o resultado de unificar as enerxías e traxectorias dun conxunto de creadores cunha linguaxe e ideas comúns.

Baixo a esencia de laboratorio de creación, os seus integrantes, procedentes de diferentes disciplinas e formacións, poñen ao servizo de cada un dos seus espectáculos as súas inxerencias e traxectorias, unificándose baixo unha linguaxe común: a técnica do “xogo” do mestre Philippe Gaulier.

José Troncoso, formado nesta escola e cunha ampla traxectoria como director e docente a nivel nacional e internacional, é o encargado de dirixir esta compañía, xerando un espazo de investigación dende o que lanzar as propostas do colectivo: unha “fábrica de expresión”.

CONTRATACIÓN

Amadeo Vañó
620 610 654
amadeo@camarablanca.com
www.camarablanca.com



Método negro

JAVIER MARTÍN

MÉRCORES 13 / SALÓN TEATRO / 22 H

A COMPAÑÍA

Coreógrafo e investigador con máis de 30 pezas como *A exforma*, *O antiedipo*, *Control* ou *Metopio*. Traballa en España, Francia, Rusia, Portugal, México e Ucraína. Realiza relatorios, escribe o seu primeiro ensaio e intervén en diferentes congresos, universidades ou laboratorios. Recentemente foi artista residente en L'animal a l'esquena, Girona; EIRA, Lisboa; Kannon Dance House, San Petersburgo; Centro de Danza Canal, Madrid; Museo Universidad de Navarra ou Teatro Colón na Coruña; E presenta os seus proxectos en UNAM e Museo del Chopo, México; GogolFest, Kiev; Teatro Alexandrinsky, San Petersburgo; CCCB, Barcelona; Teatro Circo, Braga; Museo Reina Sofía, Madrid, ou Univ. Sorbonne, París. Colabora con diferentes artistas, como o músico Oleg Karavaichuk no proxecto *Symptoma* ou o cineasta Tono Mejuto na peza de *Qviasma*. En 2017 o MUN publica *Javier Martín. Cuaderno de creación*.

CONTRATACIÓN

Sabela Mendoza
646 823 523 / 629 163 528
oficina@javiermartin.gal
www.javiermartin.gal

“Dende unha posición relativa de debilidade, permitindo a forma. Na fame emite metodoloxía, e trazo. Distonía, técnica. Non se pode explicar a auga, coméntase.

É polos movementos aberrantes que se abisma en fragmentos, o ensino non enunciado dunha arte escura que pon a vibrar soidade e silencio. Non baila. Retórcese, treme, quebra, cae, dá un paso. Nun virar sen eixo, fabrica unha nova sensibilidade”.

Consta dun proceso de creación continuo, que sostén a convocatoria de grupos de traballo temporais. A intención é situar nos corpos os contidos que conforman as texturas de movemento de *Método negro*. Desenvolvendo unha deriva investigadora en comunidade, nun corpo ampliado ou ácrata. Trátase de permitir a inferencia e a crítica, enriquecendo a coreografía na co-emerxencia do fenómeno, e compartir coñecemento. Unha práctica en código aberto.

Crea e baila: Javier Martín
Luz: Octavio Mas
Asistencia de dirección: Sabela Mendoza
Escenografía, son e textos: Javier Martín
Vestuario e traballos plásticos: Marieta González, Manolo Cremallera

Adulto

Artes do movemento |
instalación, performance,
acción contemporánea,
danza e procesos de investigación

60 minutos



Soñando a Pinocho

LA TARTANA

XOVES 14 / FUNDACIÓN SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 11 H

A COMPAÑÍA

La Tartana, compañía especializada en teatro de monicreques para público infantil e familiar, ten un valor artístico incuestionable. Conta con múltiples premios e recoñecementos polo seu traballo e sempre estivo involucrada na transformación que viviu o mundo teatral dende a Transición. Pioneira dende finais dos anos 70, creadora do primeiro *Festival de Calle* de Madrid e da Sala Pradillo, La Tartana foi unha compañía non só preocupada polo seu facer artístico, senón tamén por prestar especial atención ao valor social que ten o teatro, ademais de colaborar con outras compañías e creadores. Un equipo creativo estable de investigación en constante busca de novas formas de expresión fai que esta compañía estea á cabeza no seu xénero.

CONTRATACIÓN

Isis Abellán (Proversus)
91 506 43 44 / 606 608 168
isisabellan@proversus.com
www.proversus.com

La Tartana ofrécenos un espectáculo de nova creación que nos conta a fantasía e nacemento de Pinocho antes de que o propio Gepetto poida descubri-lo. Unha máxica historia sobre a soidade e a perseverancia en conseguir un soño.

Gepetto é fogueiro nun vello barco de vapor. Un traballo duro e solitario. O cuarto de caldeiras está cheo de troncos que agardan a ser engulidos polo lume. Mais, todos non! Porque Gepetto, habilidoso coa navalla, talla todo tipo de figuras na madeira. O cuarto de caldeiras é un espazo máxico onde a soidade do fogueiro achega maxia a todo o que o rodea... Gepetto e o seu amigo grilo vivirán a aventura de encontrar un compañeiro no interior dun simple tronco de madeira.

Idea e creación: La Tartana Teatro
Autoría: Juan Muñoz, Inés Maroto
Dirección: Juan Muñoz
Axudante de dirección: Inés Maroto
Deseño de monicreques e creación do espazo escénico: Inés Maroto, Juan Muñoz
Música: José Manrique, Gonzalo Muñoz
Deseño sonoro: Gonzalo Muñoz
Deseño de iluminación: Juan Muñoz
Comunicación: Elena Muñoz
Administración: Luis Martínez
Producción: Luis Martínez
Distribución: Proversus
Actores-manipuladores: Carlos Cazalilla, Edaín Caballero, Gonzalo Muñoz, Esteban Pico

**Infantil,
familiar**

**Teatro de
monicreques**

50 minutos





FOTOS: DANIEL VÁZQUEZ AMBROA



La soledad de Wally

ELAHOOD

XOVES 14 / AUDITORIO ABANCA / 17.30 H

A COMPAÑÍA

Elahood é unha compañía emerxente galego de danza urbana fundada en xaneiro de 2017 por Sabela Domínguez Pérez e Julia Laport Rivas, ambas formadas en Londres e de volta á súa terra coa intención de promover a arte urbana en Galicia e compartir a súa visión sobre o mundo. Elahood desenvolve o seu propio vocabulario de movemento, creando unha linguaxe persoal coa que tratan diferentes temáticas sociais coas que se senten comprometidas.

CONTRATACIÓN

Estefanía Vázquez / Ramiro Neira
630 867 712 / 696 723 016 /
981 131 819
produccion@
artestudioxestioncultural.com

La soledad de Wally é unha produción de danza urbana que consta de catro pezas individuais (*Water*, *Impermeable*, *Protocolo* e *Pipas al aire*) unidas por unha temática común pero exploradas dende diferentes puntos de vista. O sorriso dunha estraña, compartir unha lasaña de espinacas, espertar cun berro de bos días, unha aperta.

Cando as relacións sociais son indispensables para as persoas e a súa ausencia ten consecuencias tan negativas, por que é tan difícil admitir que nos sentimos soas?

Autoría, dirección e interpretación: Sabela Domínguez Pérez, Julia Laport Rivas
Iluminación: Sabela Ramos Candedo
Fotografía: Daniel Vázquez Ambroa
Vestuario: Kayighe Reid, "Gzell Designs"
Música: Adrián Vidal, Miguel Thomas, Iago Blanco
Produción: Elahood
Asesoramento coreográfico: Rachel Kay
Distribución: Artestudio Xestión Cultural

Adulto

Danza urbana

55 minutos



FOTOS: AIGI BOGA

ESPECTÁCULOS

A Leituga

EME2 PRODUCCIÓN

XOVES 14 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H

Cinco familiares, tres irmáns e as parellas de dous deles, reúnen-se na casa da irmá maior para celebrar o aniversario do pai, que se atopa en estado de coma dende hai nove anos. O que de primeiras semella unha sinxela celebración convértese nunha encarnizada poxa por ver quen se responsabiliza dos cuidados do pai.

A Leituga aborda en clave de humor un conflito familiar polo que todos pasamos ou pasaremos nalgún momento nas nosas vidas: que facer cos nosos pais cando se achegan á morte?

A través destes cinco personaxes, cos seus puntos de vista e as súas diferentes realidades, viaxaremos polos vínculos, lealdades e deslealdades da familia, as parellas, os irmáns, os pais e os fillos. Os asuntos non resoltos, as contas pendentes.

O sacrificio e a culpa. O odio e o rancor. A moral e a ética. A esperanza e a aceptación. Os medos, as miserias, a procura da felicidade.

A decadencia da “familia”, a responsabilidade, a eutanasia, a felicidade, a vida e a morte son os temas presentes na obra.

Autoría: César Sierra
Dirección: Víctor Duplá
Tradución: José Luis López Roca
Axudante de dirección: Tamara Canosa
Escenografía: José Manuel Faro, “Coti”
Iluminación: José Manuel Faro, “Coti”
Vestuario: Uxía Vaello
Música orixinal (vídeo): Anxo Graña
Deseño gráfico: LeGráfica
Fotografía e vídeo: Lucía Estévez
Fotografía cartel: Aigi Boga
Comunicación: Sonia Díaz-Nócomún
Producción executiva: Cecilia Carballido
Producción: eme2
Elenco: Antonio Durán, “Morris”; Federico Pérez, María Vázquez, Mercedes Castro, Xosé Barato

Adulto

Teatro

80 minutos

A COMPAÑÍA

eme2 é unha empresa dedicada á distribución e produción de espectáculos de artes escénicas. No camiño que iniciamos en 2001 tivemos como acompañantes a maravillosos profesionais e espléndidas compañías que fixeron que o traballo en equipo con eles nos enriquecese pouco a pouco. Nese ferver a modo do día a día, nese camiño de constante reinvención, mantivemos sempre un dos nosos principios fundacionais: pensar como e para os que sentan na butaca. Neste sentido, apostamos por producións dirixidas a un abano amplo de públicos mantendo sempre unha esixencia alta na calidade final dos espectáculos.

CONTRATACIÓN

Mercedes González Castro
981 534 134 / 679 449 970
emedous@emedous.com
www.emedous.com



Casa O'Rei

IBUPROFENO TEATRO

XOVES 14 / SALÓN TEATRO / 22 H

Casa O'Rei propón un xogo escénico e dramatúrxico a partir de *O rei Lear* de W. Shakespeare ambientado nunha típica Casa de comidas galega.

Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne a familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez para repartir a Casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sáelle cargado de traizón e desprezo, intragable polo amargor dun mundo novo, acedo e descoñecido, que trae do estranxeiro unha morte preconxelada e adobiada con fel. O tempo, o destino e o Burger King son implacables coa sorte dos mortais que non saben seleccionar os ingredientes axeitados para elaborar as receitas da súa vida.

A COMPAÑÍA

Santiago Cortegoso e Marián Bañobre fundamos en 2010 Ibuprofeno Teatro para sacar adiante proxectos de xeito independente. Despois de cinco espectáculos de pequeno formato, en 2016 demos o salto asumindo producións de maior envergadura con *Raclette*, que foi finalista á mellor autoría e dirección nos Premios Max.

Con *Casa O'Rei* continuamos na procura dunha linguaxe persoal para falar dos temas clave que afectan ao ser humano contemporáneo. Persequimos o rigor na dramaturxia e integramos a escrita dramática no proceso de creación e posta en escena. Os nosos personaxes buscan a súa identidade nun contexto global e complexo que non poden controlar. O absurdo e un humor acedo e sarcástico son os nosos lugares comúns.

CONTRATACIÓN

Santiago Cortegoso

696 730 037

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

www.ibuprofenoteatro.com

Elenco: Miguel Borines, Victoria Teijeiro, Marián Bañobre, Teté García, Víctor Mosqueira, Xosé M. Esperante

Escenografía: Pablo Giráldez, "Pastor"
Deseño de iluminación: Salvador del Río
Vestuario: Marián Bañobre

Música: Alonso Caxade. Gravada por Tomás Ageitos no Estudio A Ponte

Músicos: Manu Paino, Manu Espinho, Xosé Tunhas e Alonso Caxade

Maquillaxe e peiteado: Baia Fernández

Técnico de luz e son: Héctor Pazos

Cobertura técnica: Ninguers Producción, S.L.

Imaxe: Diego Seixo

Vídeo: Jose V. Estonllo

Comunicación: Fátima R. Varela

Axudante de dirección: Laura Campos

Texto e dirección: Santiago Cortegoso

Produción e distribución: Ibuprofeno Teatro, S.L.

Adulto

Teatro

95 minutos



**GALICIA
ESCENA
DDO**

ACTIVI- DADES PRO



PROXECTOS EN FORMATO *PITCHING*

XOVES 14 | FUNDACIÓN SGAE | SALA 2 | 12.15 H

Alma (non é hippie)

COLECTIVO VERTICALIA (CÍAS.
DUELIRIUM & TRASPEDIANTE)

Alma (non é hippie) é o primeiro espectáculo de danza vertical de Galicia, unha produción do Colectivo Verticalia, ou, o que é o mesmo, das compañías Duelirium e trasPediante, co apoio de Pistacatro.

Alma (non é hippie) investiga as diferentes percepcións sobre unha mesma realidade, os diferentes puntos de vista e, polo tanto, sobre o aparente e as aparencias dende a linguaxe da danza contemporánea, a verticalidade e o movemento.

O elenco está formado polas aerealistas e bailarinas Marta Alonso, Raquel Oitavén, Paula Quintas e Mertxe Solé, integrantes do colectivo, baixo a dirección de Rolando Sanmartín.

CONTACTO

Belém Brandido
627 778 351
distribución@pistacatro.com
belebrandido@gmail.com
www.pistacatro.com/gl/circo_medioegran

Anatomía dunha serea

CHÉVERE

Anatomía dunha serea nace da necesidade de contar unha historia persoal, de transformar un acontecemento único e ao mesmo tempo común a moitas mulleres nun acto escénico compartido. Un relato aparentemente unipersoal e illado que de pronto ten eco noutras persoas en todo o mundo. Deste xeito convértese nunha historia global contada nunha voz soa.

O tema central do espectáculo é a violencia obstétrica. A peza parte dese lugar para chegar a outros como a maternidade, a familia, o nacemento, a economía...; a vida en si.

CONTACTO

Iria Pinheiro
633 340 988
iriapisa@gmail.com
redenasa.tv/gl/artista/ver/iria-pinheiro

Arnoia Arnoia: o Circo da casa pequena

COMPAÑÍA PISTACATRO

Pistacatro prepárase, en coprodución co Centro Dramático Galego (CDG), para o que será o seu novo proxecto *Arnoia Arnoia: o Circo da casa pequena*, un espectáculo de teatro-circo que dirixirá Quico Cadaval e que está baseado na peza *Arnoia, Arnoia* de Méndez Ferrín e no imaxinario do autor.

Non se trata aquí de facer un espectáculo de circo cunha leve desculpa argumental, senón unha peza teatral, de aventuras e prodixios, na que se usarán os recursos circenses para resolver os problemas escénicos e narrativos que nos inspire a idea motriz.

Para Pistacatro, este novo proxecto supón unha aposta por hibridar teatro e circo, ampliando os horizontes dos artistas cos que colaboramos, e complementa as accións que a compañía vén desenvolvendo dende hai tempo cara a un encontro entre o circo e as distintas artes escénicas.

CONTACTO

Belém Brandido
627 778 351 / 981 937 819
distribución@pistacatro.com
www.pistacatro.com

Auga que non vas beber

FANTOCHES BAJ

Auga que non vas beber é un recital satírico para monicreques, onde destacan diversas cantigas populares como *A saia da Carolina*, *O sermón do padre Damián* ou *O cura está malo*, entre outros cantos e contos que remiten sempre a unha memoria colectiva de transmisión oral compartida en toda a península ibérica e que o autor enlaza para contar as aventuras e desventuras amorosas do muiñeiro Xosé coa Carolina, baixo a libidinosa tutela do padre Damián, cura de Agolada.

A obra resultante foi gañadora do Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para adultos, en 2009.

CONTACTO

Ángela Vila
698 132 935
distribucion@urdime.net
www.urdime.net

Cinco mulleres que comen tortilla

SEÑORA SUPINA

Ano 1956, América. A Sociedade de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein celebra o seu tradicional concurso anual de tortillas. Este idílico encontro, no que renderán culto a un dos produtos máis maravillosos do mundo, o ovo, vese truncado cando as mulleres teñen que enfrontarse á caída dunha bomba atómica na súa localidade. Son as últimas superviventes, e o medo trae confesións e historias do pasado que farán que cada vez se reafirmen máis na idea de que a tortilla é o máis importante que teñen nas súas vidas.

Cinco mulleres que comen tortilla é unha comedia delirante e enxeñosa que transporta ao espectador á América dos anos 50 grazas ao humor e a unha coidada posta en escena. Un búnker decorado para a ocasión no que se integra o público dende que entra pola porta asignándolles un nome. Cada un dos espectadores é unha máis das viúvas convidadas ao concurso de tortillas no que descubrirán un gran segredo: son todas lesbianas.

A liberdade, a relixión, o feminismo, o amor e o medo ao descoñecido son os motores desta exitosa comedia internacional.

CONTACTO

Javier Lojo
695 430 892
supina@senorasupina.com
senorasupina@gmail.com
www.senorasupina.com

In Between

COMPAÑÍA MIKEL ARÍSTEGUI

Espectáculo de danza contemporánea para tres bailaríns: Nuria Sotelo, Rosabel Huguet e Mikel Arístegui.

Formúlase a cuestión da definición binaria do xénero no corpo do bailarín ou bailarina. Falar sobre a importancia que na actualidade define os roles do home e da muller na nosa sociedade, da necesidade de tratar un xénero sen favoritismos para poder empezar un diálogo sobre a igualdade, poder tratar o ser humano como tal e non como unha definición do seu xénero.

A abstracción da danza contemporánea e o traballo da calidade de movemento ábrennos máis a perspectiva para crear esta coreografía. Sen dúbida, será unha viaxe a outro mundo, máis alá dos conceptos de home ou muller.

A peza terá unha parte de participación do público. Contará cun formato de rúa de 15 minutos de duración.

CONTACTO

Mikel Arístegui
692 467 841
mikel@mikelaristegui.com
www.mikelaristegui.com

Insubmisión

TEATRO DEL ANDAMIO

Insubmisión fala da violencia que se xera no ámbito familiar, e que o fai dende o epicentro do conflito: a intimidade da parella.

O texto conta a historia partindo de dúas premisas. A primeira é que a violencia non aparece explicitamente no texto. Trátase dunha violencia suxerida, subxacente... A tensión dramática crece ao redor desa violencia contida, pero que non estala sobre o escenario. A segunda é que *Insubmisión* non só se articula sobre a dor senón tamén sobre a esperanza, presentando unha rebelión ante os fíos que nos atan a unha vida desgarrada. Hai saída. É posible facer as maletas e pechar a porta.

CONTACTO

Gema Ulloa
617 266 375
teatrodelandamio@gmail.com
www.teatrodelandamio.com

Involución

ALFREDO MUÍÑO

De onde vivimos? A onde imos? Por que estamos aquí? Como a terra, un seixo tan insignificante na inmensidade do Universo, se converteu nun planeta cambiante, creando no seu seo un fenómeno único, a diversidade da vida?

O circo, a danza e o teatro serán o lenzo para debuxar a historia da humanidade sobre o noso planeta, a súa violenta infancia no espazo, unha madurez viva e relativamente equilibrada, o seu porvir incerto. Tres actos dunha aventura axitada que podería transformarse en traxedia a menos que aprendamos a facernos cargo do seu destino.

CONTACTO

Ángela Vila
698 132 935
distribucion@urdime.net
www.urdime.net

Liberto

MARELAS

Liberto é un espectáculo teatral con música en directo con María Vázquez, Lucía Aldao e Tamara Canosa. Mestura de realidade e ficción, xoga coa primeira persoa para interpelar directamente ao público e contar a historia de Ada, unha muller que dende unha sala de espera verá como a súa vida dá varios xiros copernicanos.

Dende a vitalidade e a reivindicación da imperfección, o texto da autora catalana Gemma Brió navega entre o dramático e o cómico para nos preguntar de que falamos cando falamos de vivir.

CONTACTO

Tamara Canosa
627 310 083
marelasteatro@gmail.com
www.marelas.com

Sofía e as postsocráticas

INVERSA TEATRO

Sofía e as postsocráticas é un espectáculo que versa sobre a violencia machista. Partimos dos pensadores presocráticos, que son aqueles que se dedicaron a establecer un logos fronte a un mitos. Cando falamos do logos, falamos polo tanto dun cálculo verbal do mundo. Cada vez que falamos estamos calculando o mundo. Cando Sócrates se pregunta pola virtude, pregúntase se un home é máis ou menos virtuoso.

As nosas postsocráticas: Sócrates, Platón e Aristóteles intentarán establecer un novo logos, é dicir, calcular que é e que non é violencia machista. Empregaremos en escena a técnica da pantasma de Pepper, quen, usando a reflexión da luz, crea ilusións ópticas e visuais así como holografías.

CONTACTO

Marta Pérez
690 084 625
inversa@inversateatro.com
www.inversateatro.com

PRESENTACIÓNS

Taller “Como converter o teu proxecto en noticia”

LUNS 11

**BIBLIOTECA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA
DE 11 A 14 HORAS**

Imparte: Marta Baeza, xornalista cultural especializada en artes escénicas e fundadora de La Locomotora, axencia de comunicación especializada en teatro e danza.

Taller dirixido a axudar aos responsables de comunicación das compañías de artes escénicas a difundir o seu proxecto entre públicos externos a través dos medios de comunicación.

Contidos: Expectativas e experiencias con medios de comunicación / Planificación da estratexia de comunicación a medios (análise do proxecto e identificación de obxectivos reais, bases de datos, calendario e materiais de comunicación) / Tácticas para contactar con xornalistas e boas prácticas no sector / Exercicios prácticos e casos de éxito.

Encontro COFAE*

MÉRCORES 13

BIBLIOTECA DO SALÓN TEATRO | 11 H

Organiza: COFAE, Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español

(* encontro non aberto ao público)

Presentación da colaboración Galicia Escena PRO-MADferia


MÉRCORES 13
BIBLIOTECA DO SALÓN TEATRO | 16.30 H

Presentación das liñas de colaboración entre Galicia Escena Pro e a Feria de Artes Escénicas de Madrid de cara a xerar e impulsar mercado no ámbito das artes escénicas galegas e madrileñas.

Presentación do proxecto “Residencias Paraíso”, Colectivo RPM

XOVES 14
BIBLIOTECA DO SALÓN TEATRO | 16.30 H

O Colectivo RPM presenta o programa de residencias artísticas de investigación arredor da danza e as artes do movemento desenvolvido en diferentes espazos escénicos galegos durante 2018, iniciativa coa que se pretende impulsar novos proxectos de creación, potenciar a formación de novas compañías de danza e cubrir as necesidades das compañías consolidadas durante os seus períodos de creación.



11-14
XUNO 2018
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

GALICIA
ESCENA
DDO

Organiza:

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

galicia



XUNTA
DE GALICIA

Colaboran:



CONCELLO DE
SANTIAGO

fundación **sgae**

//ABANCA



www.agadic.gal
www.galiciaescenapro.gal